

Plan de Acción Tutorial

Facultade de Bioloxía



Índice

0. Antecedentes	pax. 3
1. Presentación	pax. 4
2. Os axentes implicados e as súas funcións	pax. 6
3. A realidade do Centro	pax. 7
4. Obxectivos	pax. 10
5. Actividades	pax. 11
6. Metodoloxía	pax. 19
7. Recursos	pax. 20
8. Avaliación	pax. 25
ANEXOS	
Anexo I : Actividades de titoría e Calendarios Curso 2010-2011	pax. 34
<i>Titorías y actividades de 1º de Grado</i>	pax. 35
<i>Titorías y actividades de 2º de Grado</i>	pax. 44
Anexo II : Formularios de Evidencias das actividades de titoría	pax. 54
<i>Evidencia 1. Actividade 2, Bloque 0 (Titor do Alumno)</i>	Pag 55
<i>Evidencia 2. Actividade 2, Bloque 0 (Titor do Alumno)</i>	pax. 57
<i>Evidencia 3. Actividade 3, Bloque 0, Activ. Grupal (Titor do Alumno)</i>	pax. 58
<i>Evidencia 4. Actividade 3, Bloque 0, Activ. Indiv. (Titor do Alumno)</i>	pax. 59
<i>Evidencia 5. Actividade 4, Bloque 0 (Titor do curso)</i>	pax. 60
<i>Evidencia 6. Actividade 4, Bloque 0 (Coordinadores do PAT)</i>	pax. 62

0. Antecedentes

O documento base no se que fundamenta o Plan de Acción Titorial (PAT) para o Grado de Bioloxía que se desenrolará durante o curso 2010-2011, foi aprobado en Xunta de Facultade con data de 30 de abril de 2009.

Durante o curso 2009-2010 realizouse a posta en marcha do plan no primeiro curso de Grado obténdose resultados satisfactorios en relación co grado de consecución dos obxectivos planeados.

Partindo do documento que foi aprobado para o Grado de Bioloxía, elaborouse o seguinte Plan de Acción Titorial para o curso 2010-11, no que se realizaron algunhas adaptacións específicas das actividades que se desenrolan, tendo en conta as experiencias dos titores e alumnos que participaron no PAT do curso 2009-10. Ademais, o novo documento recolle diferentes cambios nas datas en que se desenrolan as actividades titoriais previstas no plan básico, como resultado da súa adaptación temporal ao calendario do presente curso académico.

Por último, e tendo en conta que o plan se implanta de forma progresiva en todos os cursos do Grado, inclúense os listados actualizados de titores e alumnos de primeiro e segundo curso que participan no desenvolvemento do mesmo ao longo do curso 2010-2011.

1. Presentación

O Plan de Acción Titorial da Facultade de Bioloxía configúrase como o instrumento a través do cal se diseña o contido e a execución das distintas accións relativas á titoría universitaria. Supón superar o modelo especificamente académico, unicamente preocupado pola transmisión de coñecementos, e apostar por un modelo educativo no que conflúen ademais funcións socio-educativas, baseadas en relacións recíprocas e interaccións titor-alumno, alumno-alumno...etc.

Preténdese ir consolidando unha liña de acción titorial coherente coas necesidades dos alumnos, normalizando as distintas accións e alcanzando un axeitado equilibrio entre as expectativas dos alumnos e os obxectivos que se expoñen no marco do Espazo Europeo de Educación Superior.

Neste sentido, é de importancia destacar un dos principios polos que aposta o Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Bioloxía, e ao que con este plan se trata de responder: a adecuación de métodos de ensinanza, aprendizaxe e avaliación á adquisición de competencias do alumnado, atención á diversidade, orientación á aprendizaxe... etc., recollidos dunha forma ampla en distintos capítulos do manual de Calidade e os Procedementos que o centro ten deseñado no marco do Real Decreto 1393/2007 de 29 de outubro.

O presente documento responde á implantación do PC05: Procedemento Clave de Orientación ao Estudiante constituíndo en si mesma a evidencia IT01-PC05 do mesmo.

O Plan de Acción Titorial pretende contribuír a unha educación global dirixida ao desenvolvemento integral dos estudantes e engloba as seguintes dimensións:

Dimensión	Descrición
Académica	Referida a aspectos da <u>vida universitaria</u> , como plans de estudo, elección de materias,...
Profesional	Máis relacionada co a preparación e <u>desempeño do posto de traballo</u> ,...
Persoal	Relacionada con <u>problemas</u> persoais, familiares, psicolóxicos emocionais, afectivos e de educación en valores....
Social	Destinada a cuestións como <u>información</u> sobre axudas e servizos de fundacións privadas ou públicas, de organismos nacionais, europeos ou internacionais;...
Administrativa	Relativa a temas como información sobre <u>requisitos administrativos</u> , matriculación, convalidacións....

2. Os axentes Implicados e as súas funcións

No desenvolvemento do Plan de Acción Titorial da Facultade de Bioloxía interveñen os distintos axentes que se relacionan a continuación:

Axentes implicados	Funcións
• O Equipo Decanal • Os Titores-colaboradores • A Comisión de Garantía de Calidade	Deseño do PAT
• O Equipo Decanal • A Xunta de Centro	Aprobación do PAT
• O Equipo Decanal • Os Titores-colaboradores	Presentación do PAT
• OFOE • Fundación Universidade de Vigo • SIOPE • ORI • Delegación de Alumnos • Servizo de Alumnado-Bolsas	Apoio/Colaboración
• Titores • Equipo Decanal • Coordinadores • Alumnos	Implantación
• Coordinadores • Vicedecano/Subdirector • Titores	Coordinación e Seguimento
• Coordinadores • Titores • Alumnos	Avaliación
• Coordinadores • Comisión de Garantía de Calidade	Análise de Resultados e Elaboración da Memoria Final

3. A realidade do Centro

Son múltiples, os factores que inciden, na toma de decisións que fundamentan o PAT. Non obstante, considerouse importante analizar o contexto do centro a través de datos obxectivos.

Esta análise iniciouse coa recompilación de **indicadores** de resultados do Centro, aportados desde os Servizos Informáticos de Xestión da Universidade de Vigo. <http://seix.uvigo.es/>. Considérase importante analizar a variación destes indicadores nos últimos catro anos da licenciatura de Bioloxía (datos facilitados polo Vicerrectorado de alumnado, docencia e calidade).

Indicador: Datos Xerais de Matrícula				
Dato	Curso académico 2006-2007	Curso académico 2007-2008	Curso académico 2008-2009	Curso académico 2009-2010
Oferta de Prazas	81	81	75	64
Alumnos matriculados de Novo Ingreso	63	67	54	75
Alumnos matriculados totais	534	457	428	-
Egresados	69	52	62	40
Indicador: Tamaño Medio do Grupo				
Dato	Curso académico 2006-2007	Curso académico 2007-2008	Curso académico 2008-2009	Curso académico 2009-2010
Tamaño medio do grupo materias teóricas	50 (1 ciclo) 20 (2 ciclo)	50 (1 ciclo) 20 (2 ciclo)	50 (1 ciclo) 20 (2 ciclo)	50 (1 ciclo) 20 (2 ciclo)
Tamaño medio do grupo materias prácticas	24 (1 ciclo) 20 (2 ciclo)	24 (1 ciclo) 20 (2 ciclo)	24 (1 ciclo) 20 (2 ciclo)	24 (1 ciclo) 20 (2 ciclo)
Indicador: Taxa de Graduación				
Dato	Curso académico 2006-2007	Curso académico 2007-2008	Curso académico 2008-2009	Curso académico 2009-2010
Taxa de Graduación	19.42 %	17.46 %	18.24 %	-

Indicador: Taxa de Abandono				
Dato	Curso académico 2006-2007	Curso académico 2007-2008	Curso académico 2008-2009	Curso académico 2009-2010
Taxa de Abandono	28.57 %	31.16 %	21.43 %	28.28 %
Indicador: Taxa de Eficiencia				
Dato	Curso académico 2006-2007	Curso académico 2007-2008	Curso académico 2008-2009	Curso académico 2009-2010
Taxa de Eficiencia	92.24 %	75.40 %	74.88 %	68.77 %
Indicador: Mobilidade				
Dato	Curso académico 2006-2007	Curso académico 2007-2008	Curso académico 2008-2009	Curso académico 2009-2010
Nº de alumnos enviados en programas de mobilidade	21	24	13	17
Nº de Alumnos recibidos provenientes doutros programas formativos	18	12	16	17

Así mesmo tívose en conta o último **Informe de Inserción Laboral: "Accedendo ao mercado laboral: Un estudo por titulacións"**, publicado pola Axencia Galega para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) <http://vicntc.uvigo.es/images/stories/Public4ACSUGesp.pdf> así como o Estudo de Inserción Laboral elaborado e publicado pola Facultade de Bioloxía (Maio, 2009)

Principais conclusións extraídas do Informe de Inserción Laboral ACSUG

No ano 2007 o 70% dos egresados conseguiu o seu primeiro emprego nos 6 meses seguintes a graduación.

Mais do 80% dos nosos licenciados traballan, mais do 15% proseguen con outros estudos, sendo a taxa de desemprego inferior ao 5%.

O 80% dos nosos licenciados valoran cunha nota media alta os estudos de bioloxía na universidade de Vigo.

O 69% dos egresados volvería a cursar estudos universitarios, el 73,16% volvería a cursar a titulación de Bioloxía, e o 85% volvería a cursar Bioloxía na universidade de Vigo.

As competencias mais valoradas para o emprego según os nosos licenciados son por orden de prioridade as seguintes:

Motivación

Capacidade de comunicación oral e escrita

Coñecementos teóricos no seu campo

Coñecementos prácticos no seu campo

Capacidade de planificación, coordinación e organización

Lealdade, honestidade

Capacidade para resolver problemas

Iniciativa

Capacidade de traballo en equipo

Capacidade para o aprendizaxe

Adaptabilidade

Capacidade de asumir responsabilidades

Capacidade de traballo independente

Coñecemento de informática

Pensamento crítico

Cultura xeral

Capacidade de análise

Creatividade

Capacidade de traballo baixo presión

Coñecemento de idiomas

Capacidade de liderato

De acordo á análise global de datos previos, a Facultade de Bioloxía detectou as seguintes debilidades. Estas tivéronse en conta para definir os obxectivos, atendendo a aquelas dimensións onde se concentran a maior parte de necesidades.

Debilidades Detectadas

Descoñecemento do ámbito universitario e da vida académica a que se incorpora o estudante de novo ingreso.

Descoñecemento das normativas, regulamentos e sistemas de participación dos estudantes.

Certa insatisfacción dos estudantes coa formación recibida.

Elevada taxa de abandono e baixa taxa de graduación.

Escaso coñecemento da información relativa o centro e a universidade. Acceso pouco eficiente á información.

Escaso apoio as necesidades formativas dos alumnos

Falta de orientación cara a inserción laboral.

4. Obxectivos

Durante o curso académico 2010-2011, a Facultade de Bioloxía, coa implantación do PAT para 1º y 2º do Grado, márcase os seguintes obxectivos:

5.1 Obxectivos Xerais

- Establecer a tutoría e a orientación profesional na universidade como modo de diversificar a axuda educativa ao estudante durante o seu paso pola universidade.
- Establecer un sistema de información, orientación e seguimento académico para os estudantes mediante a asignación dun profesor-tutor.
- Motivar unha participación activa do alumnado nos distintos aspectos da vida universitaria.
- Ampliar a información que os estudantes teñen sobre a Universidade, os servizos que ofrece, os proxectos nos que poden participar, as bolsas ás que poden optar....
- Potenciar a capacidade de aprendizaxe autónomo do estudante e as posibilidades de traballo colaborativo e en equipo.
- Entender a función do profesor como a dun axente que orienta e guía a aprendizaxe do estudante para acadar progresivamente a regulación e xestión autónoma do mesmo.
- Fomentar a capacidade de análise e resolución dos problemas e a toma de decisións baseada en criterios ben establecidos, que impliquen a necesidade de xuízo crítico e construtivo.

5.2 Obxectivos Específicos

- Facilitar e mellorar a integración dos estudantes na vida académica.
- Mellorar a satisfacción dos estudantes coa formación recibida.
- Reducir a taxa de abandono.
- Aumentar a taxa de eficiencia e a taxa de graduación.
- Mellorar a información dos estudantes en relación co centro e a universidade
- Dar cobertura ás necesidades de apoio formativo dos alumnos.
- Orientar e fomentar a inserción laboral dos alumnos.

5. Actividades

As actividades do PAT van dirixidas a todo o alumnado da titulación de Grado de Bioloxía do Centro, prestando unha especial atención aos/ás estudantes de novo ingreso e aos que finalizan seus estudos universitarios, xa que este alumnado se caracteriza por vivir un momento de inseguridade e desorientación ante a súa nova realidade.

Ademais a tutoría persoal será esencial ao longo dos cursos que compoñen o título universitario, como garante dunha formación de calidade e apoio ás dificultades e necesidades que poidan sufrir os/as estudantes no seu transcurso evitando así, altos índices de abandono e/o fracaso nas titulacións.

As liñas de actuación que se expoñan a continuación tratan de responder ás necesidades detectadas no alumnado do Centro ao longo do seu avance nos estudos universitarios nos últimos 4 anos, incluíndo 1º de Grado. Pódense clasificar en cinco bloques básicos o primeiro deles común a todos os demais:

BLOQUE 0: Accións de Organización

BLOQUE 1: Accións de Acolida

BLOQUE 2: Apoio á Formación

BLOQUE 3: Accións de Orientación Profesional

BLOQUE 4: Atención á Diversidade

BLOQUE 0: Accións de organización comúns

Actividade 1. Sesión de Organización-Presentación (antes do inicio do Curso)

O Equipo Decanal organizará unha xornada de presentación do PAT do Centro aos profesores e aos distintos implicados co fin de realizar a distribución definitiva das distintas accións entre os titores, titores-alumnos e coordinadores participantes, aulas de atención, etc. (ANEXO 1).

Estableceranse tamén os horarios de atención ao alumnado e de coordinación docente. Designarase a un coordinador/a da Tutoría que regulará a correcta posta en marcha e desenvolvemento das accións tutoriais, e a realización de actuacións comúns e harmonizadas de todos os responsables da mesma.


Actividade 2. Reunión Alumnos-Titores (Inicio do Curso): Cada titor/a terá unha sesión co seu alumnado para presentar o funcionamento (horarios, obxectivos...etc.) das tutorías e explicar a súa utilidade.

Solicitarase aos alumnos a cumprimentación de dous cuestionarios (ANEXO II, Evidencias 1 y 2) coa finalidade de poder realizar unha primeira análise de necesidades e coñecer as súas expectativas en torno ao PAT.

Actividade 3. Asesoramento e seguimento continuo (Curso Académico Setembro-Xullo): o profesorado titor realizará un asesoramento do seu alumnado ao longo de todo o curso académico. Este seguimento realizarase principalmente de forma individual ou en pequenos grupos. Revisarase a planificación realizada para ir axustándose ao proceso de aprendizaxe do alumnado. Establecerá un rexistro a través dunhas fichas de seguimento das reunións cos tutelados (ANEXO II, Evidencia 3 y 4).

Actividade 4. Análise e avaliación final de PAT (Final de curso): Solicitarase a alumnos e titores a cumprimentación dun breve cuestionario de satisfacción, que posteriormente será analizado, xunto coas fichas de seguimento (ANEXO II, Evidencias 5 y 6) dos/as titores/as e do alumnado e os indicadores de resultados sinalados no apartado 8.

Os axentes responsables deberán analizar ademais as dificultades e problemas detectadas e introducir as melloras que se consideren necesarias no Plan no seguinte curso. Todas estas cuestións deberán ser rexistradas nun **informe ou memoria final** que correrá a cargo dos coordinadores que contarán coa estreita colaboración do resto de responsables da Tutoría.



BLOQUE 1: Accións de Acolliada


Actividade 1. Sesión informativa (Inicio do curso): o primeiro día do curso académico celebrarase unha sesión de presentación co alumnado de 1º. Ofrecerase ao alumnado información sobre os plans de estudos, as saídas profesionais, as prácticas en empresa, a normativa do centro, os servizos administrativos, as enquisas de avaliación docente, as formas de participación na xestión do centro, a biblioteca e as salas de estudo e informática, presentando ademais o **propio PAT**.

Actividade 2. Sesión informativa de integración (Setembro): Realizarase a presentación do Titor de Curso que indicará o horario, a aula e todos os datos necesarios para o desenvolvemento efectivo das actividades de tutoría.

Impartiranse unha charla sobre os principais servizos universitarios como: SIOPE, OFOE, Fundación Universidade de Vigo, ORI, etc. Tamén informárase sobre as distintas actividades, deportes, cursos de formación, etc. cos que conta a Universidade de Vigo, para favorecer unha verdadeira inclusión académica, social e persoal do alumnado de nova incorporación ao centro.

Actividade 3. Sesión de seguimento (Segundo semestre): O tutor/a do curso realizará un seguimento da incorporación do alumnado á vida universitaria. Nesta sesión intercambiarán ideas e reflexións sobre as súas impresións na Universidade, e que aspectos lles preocupan ou interesan.

Actividade 4. Sesión de consolidación (Final del 2º semestre): Nesta sesión volverase a intercambiar ideas e reflexións sobre a súa experiencia xa na Universidade, e aquelas cuestións aínda non aclaradas.



BLOQUE 2: Accións de Apoio á Formación

Actividade 1. Reunión grupal (outubro): O Titor dos Alumnos organizará esta sesión de forma que os alumnos sean protagonistas e interveñan e debatan acerca das dificultades atopadas nas distintas materias da titulación. O titor motivará a intervención dos alumnos e tomará nota daquelas cuestións abordadas co fin de atopar posibles solucións.

No caso de haber alumnado con algún tipo de necesidade específica de apoio educativo, comunicarse ao Gabinete Psicopedagóxico da Universidade de Vigo, para solicitar apoio e asesoramento de ser necesario.

Actividade 2. Reunión Individual de seguimento (Primer trimestre): Nesta sesión o profesorado-titor deberá facer un seguimento da situación real do alumno fronte ao proceso de ensinanza-aprendizaxe, tratando de identificar posibles dificultades de aprendizaxe. Poderanse analizar aspectos como:


- Valoración do desenvolvemento das materias.
- Reflexión sobre o seu enfoque de aprendizaxe (planificación, concentración, traballo en equipo, estudo continuo,...).
- Reflexión sobre a súa actitude cara a aprendizaxe (motivación, inseguridade, expectativas, autoconcepto académico...).
- Orientacións en canto a técnicas de estudo.

Actividade 3. Reunión grupal de autorregulación do proceso de aprendizaxe (Final primer semestre): Nesta reunión se reforzará e comprobará que coñecen a información sobre os sistemas de avaliación, información sobre as guías docentes, implicacións dos créditos ECTS (revisións, criterios de avaliación, convocatorias...), asesorarase ao alumno para o afrontamento axeitado das situacións de avaliación: antes, durante e despois dos exames.

Actividade 4. Entrevista individual (Inicio segundo semestre): despois dos exames o/a titor/a e o/a estudante analizarán o rendemento académico do primeiro cuatrimestre, posibles problemas de adaptación ao centro, estratexias de aprendizaxe utilizadas, cumprimento de expectativas. Deberá realizar unha toma de decisións sobre os cambios a realizar e planificar o segundo cuatrimestre.

Actividade 5. Que facer ao finalizar o curso? Toma de decisións (Final segundo semestre-Xuño): Nestas sesións analizarase a situación particular de cada estudante ao finalizar o curso académico. O profesor titor orientará na toma de decisións do

alumnado: sobre o seguinte curso académico, a preparación das materias non superadas, ou outras cuestións de interese.




BLOQUE 3: Accións de Orientación Profesional

Este bloque ten como destinatario principal, o alumnado que finaliza os seus estudos universitarios e necesita asesoramento ante a nova situación que se lle presenta, xa que deberá decidir que facer co seu futuro máis próximo: inserción no mundo laboral (currículo, entrevistas, estratexias de búsqueda de emprego...), continuar coa súa formación académica (doutoramento, mestrado, cursos de posgrado, etc...).

Actividade 1. Sesión informativa en Colaboración cos Servizos da Universidade de Vigo (novembro): O Decanato, de acordo cos titores, coordinará unha mesa redonda na que persoal da Fundación Universidade de Vigo, OFOE, ORI, Becas, Extensión Cultural explicarán distintas iniciativas o accións que desenvolven ou xestionan e das cales poden beneficiarse os alumnos do último curso do Grado da Universidade de Vigo.

Actividade 2. Sesión Informativa en colaboración con Egresados da titulación (abril): O Decanato, da cordo cos titores, coordinará unha sesión en colaboración con Egresados da titulación, ao fin de que expoñan as súas experiencias na búsqueda e desenvolvemento da actividade laboral: dificultades atopadas, retos, formación complementaria, iniciativas de autoemprego, fontes de información...etc.



BLOQUE 4: Atención á Diversidade

As actividades deste bloque serán desenvolvidas polo **SIOPE** a través do Gabinete Psicopedagógico. Nos casos no que o profesorado-tutor detecte algún tipo de necesidade específica de apoio educativo porase en contacto co citado servizo para recibir asesoramento ante o caso presentado.



6. Metodoloxía

A pedagogía actual asenta as súas bases nos principios da interactividade e construtividade, concedendo ao alumnado o protagonismo da súa aprendizaxe, ónde o rol do profesor-titor é de mediador e facilitador do coñecemento.

Polo tanto, para a realización eficaz do traballo de tutoría empregarase unha metodoloxía flexible para adaptarse ás diferentes estratexias de aprendizaxe, á diversidade do alumnado e, por suposto, aos diferentes estilos de ensinanza do profesorado.

O proceso tutorial consta de varias etapas nas que haberá que negociar, dependendo do nivel de competencia, responsabilidade e interese do alumnado.

Preténdese que sexa o alumnado baixo a supervisión e axuda do titor ou titora, quen asuma a responsabilidade na toma de decisións. O titor/a configúrase como un mediador.

Tanto no deseño, planificación e implantación do plan é imprescindible a cooperación e coordinación de todos os axentes que participan no mesmo, e tamén é necesaria a colaboración doutros servizos da Universidade de Vigo.

Con este método de traballo preténdese contribuír ao reto que se presenta co Espazo Europeo de Educación Superior no que se aposta por unha educación baseada en competencias.

7. Os Recursos

Os recursos serán humanos, organizativos e materiais.

A realización eficaz do traballo de tutoría supón unhas condicións de organización e de distribución de espazos e de tempo que se deben satisfacer.

No seguinte cadro reflíctense todos os datos que fan referencia aos recursos humanos implicados no PAT da Facultade de Bioloxía.

Recursos Humanos implicados no PAT			
Equipo Decanal			
Cargo	Nome	Tlfn	E-mail
Decano	Cristina Arias Fernández	986811976	marias@uvigo.es
Vicedecano	Jesús M. Míguez Miramontes	986811976	immiguez@uvigo.es decanatobiologia2@uvigo.es
Vicedecana	Vicenta Martínez Zorzano	986811976	vzorzano@uvigo.es decanatobiologia2@uvigo.es
Vicedecana	Mercedes Gallardo Medina	986811976	medina@uvigo.es decanatobiologia2@uvigo.es
Secretaria	Aída García Molares	986811976	molares@uvigo.es ; decanatobiologia2@uvigo.es
Coordinadores/as			
Despacho	Nome	Tlfn	E-mail
Vicedecanato	Mercedes Gallardo Medina	986811976	medina@uvigo.es
Vicedecanato	Jesús M. Míguez Miramontes	986811976	immiguez@uvigo.es
Titores/as 1º GRADO			
Despacho	Nome	Tlfn	E-mail
D 9 (Bloque B, 3ª planta)	Almudena Fernández	986812573	abriera@uvigo.es
LI 51 (Bloque B, 3ª planta)	Emilio Rolán	986813827	rolan@uvigo.es
LI 20 (Bloque A, 1ª planta)	Esther Barreal	986812009	edesther@uvigo.es
LI 25 (Bloque A, 2ª planta)	José Luis Soengas	986812564	jsengas@uvigo.es
D 8 (Bloque B, 2ª planta)	Josefina Garrido	986812581	jgarrido@uvigo.es
D 15 (Bloque C, planta 3ª)	Paloma Morán	986813899	paloma@uvigo.es

LI 5 (Bloque A, Bajo)	Maruxa Álvarez	986813727	maruxa@uvigo.es
D29 (Bloque C, 2ª planta) Fac. Económicas	Esperanza SanMartín	986812445	esanmart@uvigo.es
D23 (Bloque B, 3ª planta)	Angel Pérez Diz	986813828	angel.p.diz@uvigo.es
D20 (Bloque B, 3ª planta)	Castor Muñoz	986812007	bvcastor@uvigo.es
D10 (Bloque B, 3ª planta)	María Páez de la Cadena	986812572	mpaez@uvigo.es
D 5 (Bloque B, 2ª Planta)	Mª Jesús Iglesias Briones	986812584	mbriones@uvigo.es
Titores/as 2º GRADO			
Despacho	Nome	Tlfn	E-mail
LI 14 (Bloque A, 1ª planta)	Mª Luisa Castro	986812599	lcastro@uvigo.es
LI 59 (Bloque C, 2ª planta)	Emma Covelo	986812630	emmaf@uvigo.es
D 45 (Bloque C, 3ª planta)	Guillermo Francés	986812633	gfrances@uvigo.es
D 12 (Bloque B, 3ª planta)	Emilio Gil	986812570	egil@uvigo.es
LI 34 (Bloque A, 3ª planta)	Elisa Longo	986812397	elongo@uvigo.es
D1 (Bloque 2, planta 2ª)	Fuencisla Mriño	986812580	mmarino@uvigo.es
D 22 (Bloque B, 3ª planta)	Manuel Megías	986812560	mmegias@uvigo.es
LI 68 (Bloque C, 2ª planta)	Juan J. Pasantes	986812577	pasantes@uvigo.es
LI 16 (Bloque A, 1ª planta)	Nuria Pedrol	986812616	pedrol@uvigo.es
L 49 (Bloque C, 3ª planta)	Montserrat Pérez	986812567	mon@uvigo.es
LI 16 (Bloque A, 2ª planta)	Manuel A Pombal	986812390	pombal@uvigo.es
LI 16 (Bloque A, 1ª planta)	Adela Sánchez	986812616	adela@uvigo.es

Comisión de Garantía de Calidade

Despacho	Nome	Tlfn	E-mail
Decanato Facultade de Bioloxía	Cristina Arias Fernández	9868-11976	marias@uvigo.es
Vicedecanato Facultade de Bioloxía	Mercedes Gallardo Medina	9868-11976	medina@uvigo.es
Vicedecanato Facultade de Bioloxía Bloque C, Bloque A, 3º, Lab 3	Jesús M. Míguez Miramontes Vicenta Martínez Zorzano Carmen Sieiro Vázquez Raúl Iglesias Blanco	9868-11976 9868-11976 9868-12639 9868-12394	jmmiguez@uvigo.es vzorzano@uvigo.es csieiro@uvigo.es rib@uvigo.es
Administración /Biblioteca Facultade de Bioloxía	María Fariza Novoa Victoria Alonso Crespo	9868-13900 9868-12658	acfcv@uvigo.es valonso@uvigo.es
Delegación de alumnos	Aida Castelo Valenzuela Nuria Sánchez Otero	664531081 9868-12554	linkbout@hotmail.com
ANFACO/CEC OPESCA	María Santos González Gregorio Cuartero López	669162128 675904051	msantos@anfaco.es gcuartero@anfaco.es
Laboratorio Míguez y Muiños/Estrate gia y Gestión Ambiental S.L.	Pelayo Míguez Maruxa Pérez	629200681 986442612	direcciontecnica@laboratoriocali dad.com maruxa@esgam.com
Área de Calidade Facultade de Bioloxía	María Jesús Rey	9868-14009	reyfe@uvigo.es

Persoal de Servizos da U.Vigo

Servizo/Unidade	Nome	Tlfn	E-mail
OFOE	Técnico/a de orientación laboral	986812136	ofoe@uvigo.es
Fundación Universidade de Vigo	Yolanda Míguez Castro	986814098	fuvi1@uvigo.es
ORI	Amelia Rodríguez Piña	986813550	ori@uvigo.es
BECAS	Persoal administrativo	986813612 /813611	negociadodeinformacionbols as@uvigo.es
Extensión Cultural	Ángeles Sobrino Mosteyrín	986813603	xsvicext@uvigo.es
Contacto na Facultade Vicedecana	Vicenta Soledad Martínez Zorzano	986811976	vzorzano@uvigo.es

Para o desenvolvemento das actividades expostas impulsarase o traballo en equipo, a colaboración e a coordinación docente. O seguimento do Plan realizarase principalmente a través das reunións acordadas entre os axentes responsables do PAT.

Con respecto aos **recursos materiais** contarase con todos aqueles materiais dispoñibles no centro e na Universidade de Vigo, así como tamén materiais de tipo informativo e incluso didáctico que poidan facilitar outras institucións ou servizos do entorno.

Recursos Materiais implicados en o PAT			
Material	Soportes	Localización	Observacións
Web da Facultade	Electrónico	www.facultadbiologia.uvigo.es	
Web da Universidade	Electrónico	www.uvigo.es	
PAT	Electrónico	www.facultadbiologia.uvigo.es	
Guías de Titulación	Electrónico/Impreso	www.facultadbiologia.uvigo.es	
Guía del Estudiante	Impreso	Facultade de Bioloxía Vicerrectorado de Alumnado	

O centro habilitará as **aulas ou espazos**, para o desenvolvemento das reunións individuais e grupais co alumnado. Estas aulas, xunto cos horarios e os titores asignados a cada grupo de alumnos publicarase anualmente en setembro para o seu desenvolvemento no curso que se inicia.

As novas tecnoloxías suporán tamén unha ferramenta útil para o asesoramento individual. Habilitarase na **plataforma tema** un espazo para as consultas entre titores e alumnos.

Plataforma TEMA			
Acceso xeral: www.tema.es			
Acceso	Destinatarios/as	Titor/a	Observacións

Como non todos os titores son profesores de materias de primeiro e segundo curso, as consultas entre titores e alumnos poderanse facer mediante o correo electrónico de ambos. O decanato da Facultade de Bioloxía tratará de que o plan de acción titorial estea dispoñible para todos os alumnos/as na plataforma tem@ de todas as materias.

8. A Avaliación

A avaliación do PAT concíbese como un proceso de recollida e análise de información relevante que aporte datos sobre:

- Os resultados obtidos a partir da posta en práctica do plan (produto).
- A idoneidade dos medios e recursos empregados para obter ditos resultados (proceso).

Os datos da avaliación constituirán un elemento para a reflexión que contribuirá ao perfeccionamento profesional e, a lograr os obxectivos establecidos con carácter xeral.

Constitúe unha ferramenta esencial xa que proporciona a información precisa para as decisións que se van tomando durante a planificación, o desenvolvemento e á finalización do mesmo.

